

# **GREGO II**

## **2º Bacharelato**

**Curso 2018-19**

<u>Índice</u>	<u>Páxina</u>
1. Obxectivos.....	3
2. Contidos. Criterios de avaliación.	
Estándares de aprendizaxe.....	3
3. Criterios de cualificación	
e promoción do alumnado.....	10
4. Proceso de mellora continua:	
cambios metodolóxicos en relación	
ao curso que remata.....	15
5. Actividades extraescolares	
e complementarias .....	15

## 1. OBXECTIVOS

A materia de Grego no Bacharelato debe proporcionar ao alumnado unha base lingüística e cultural que lle facilite a orientación e o acceso ás carreiras de Humanidades. Por outra banda, debe contribuír á madurez persoal mediante o desenvolvemento das calidades que potencia o humanismo grego, como son o espírito crítico, a curiosidade intelectual, a autorreflexión etc.

Os obxectivos xerais da materia, propostos xa na programación correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia, pódense contextualizar nos seguintes enunciados:

1. Coñecer e comprender o significado dos principais temas cotiáns que conforman a vida individual e social dos antigos gregos a partir de textos e representacións plásticas.
2. Relacionar estes temas co mundo actual.
3. Achegarse aos principais mitos gregos e ás súas pegadas.
4. Coñecer e usar os principais elementos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos da lingua grega.
5. Dominar un vocabulario básico que permita acceder a textos clásicos e á identificación dos helenismos do vocabulario actual.
6. Aplicar correctamente as normas fundamentais da transcripción.
7. Traducir frases e textos gregos dunha dificultade adecuada.
8. Coñecer a cultura e a civilización grega a partir dos testemuños literarios e artísticos para unha mellor comprensión do pensamento político, social e cultural de Occidente.
9. Plasmar a persistencia do mundo grego, especialmente na cultura galega.
10. Coñecer e manexar bibliografía adecuada aos temas culturais.
11. Aprender a facer traballos mediante busca documental de forma individual e colectiva.
12. Dar resposta aos distintos niveis de aprendizaxe dos alumnos.

## 2. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Despois dun amplo repaso dos temas vistos en 1.º, serán obxecto de estudo os temas 8, 9, 10, 11 e 12 do libro de texto, sendo a tradución de textos o

obxectivo principal. Traduciranse textos das obras principais de Xenofonte: *Anábase, Helénicas, Apoloxía, Lembranzas, Ciropedia* etc., (cf. *Antoloxía de textos de Xenofonte*, Baía Edicións) co fin de preparar unha das opcións do exame de ABAU. As lecturas obrigatorias serán:

- *A Ilíada* (cantos I, VI, XVI e XXII).
- Selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.
- *Edipo Rei* de Sófocles.
- *As Nubes* de Aristófanes.

Grego 2.º Bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>PRIMEIRO TRIMESTRE</b>			
<i>Tema 1. Sistema nominal e verbal I</i>			
4 5 6 7 8 12	<b>.T1.1</b> A 3. <sup>a</sup> declinación: temas en silbante. Vocabulario.	<b>.T1.1</b> Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en silbante e o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas.	<b>GR2T1.1.1</b> Repasa as declinacións avistas en 1.º de Bacharelato e reconece diferentes enunciados desta declinación. <b>GR2T1.1.2</b> Declina temas en silbante e fai a análise morfolóxica de substantivos neutros en -ος e de substantivos e adxectivos en -ης. <b>GR2T1.1.3</b> Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns. <b>GR2T1.1.4</b> Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases con este vocabulario.
	<b>.T1.2</b> Os complementos circunstanciais sen preposición.	<b>.T1.2</b> Comprender o concepto de C.C. sen preposición e reconecer en que tipo de expresións se utiliza. Analizar e traducir frases e textos con estes complementos.	<b>GR2T1.2.1</b> Comprende o concepto de C.C. sen preposición e repasa a expresión do instrumento vista en 1.º de Bacharelato. Reconece estes complementos nos textos. <b>GR2T1.2.2</b> Nomea aquelas expresións máis frecuentes para expresar a noción do tempo. <b>GR2T1.2.3</b> Nomea aquelas expresións máis frecuentes para expresar a extensión no espazo. <b>GR2T1.2.4</b> Comprende o acusativo de relación e distingue os verbos, substantivos e adxectivos máis frecuentes que adoitan construírse con este acusativo. <b>GR2T1.2.5</b> Constrúe frases en

			diversas linguas nas que se usen estes complementos. <b>GR2T1.2.6</b> Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases con C.C. sen preposición.
	<b>T1.3</b> Os modos verbais.	<b>T1.3</b> Distinguir formas verbais en diferentes modos e recoñecer os seus usos en frases e textos gregos.	<b>GR2T1.3.1</b> Repasa as características do modo indicativo vistas en 1º de Bacharelato. <b>GR2T1.3.2</b> Distingue as diferenzas morfolóxicas do subxuntivo, optativo e imperativo fronte ao indicativo. <b>GR2T1.3.3</b> Coñece os diversos usos do subxuntivo, optativo e imperativo e recoñéceos nas frases e textos. <b>GR2T1.3.4</b> Fai a análise morfolóxica dunha forma verbal en calquera destes modos, separando os seus compoñentes. <b>GR2T1.3.5</b> Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases e textos gregos con formas verbais en diferentes modos.
	<b>T1.4</b> O infinitivo. A construción persoal.	<b>T1.4</b> Coñecer o infinitivo nos seus catro temas verbais, distinguir a construción persoal con infinitivo en frases e textos.	<b>GR2T1.4.1</b> Repasa o infinitivo concertado e non concertado visto en 1º de Bacharelato. <b>GR2T1.4.2</b> Recoñece o infinitivo de presente, futuro, aoristo e perfecto. <b>GR2T1.4.3</b> Compara e distingue unha construción persoal con infinitivo dunha impersoal. <b>GR2T1.4.4</b> Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases gregas con infinitivos en diferentes temas e usos.
	<b>T1.5</b> O aoristo radical I.	<b>T1.5</b> Recoñecer o aoristo radical dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω e verbos con infixo e sufixo nasal. O polirrizo λέγω.	<b>GR2T1.5.1</b> Repasa o aoristo sigmático. Comprende o concepto de aoristo 2.º ou radical e distíngueo do aoristo sigmático. <b>GR2T1.5.2</b> Recoñece un aoristo 2.º en todos os seus modos e voces. <b>GR2T1.5.3</b> Recoñece nos textos o aoristo dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω, λέγω e verbos con infixo e sufixo nasal.
<b>Tema 2: A literatura grega I</b>			
1 2	<b>T2.1</b> A poesía épica.	<b>T2.1</b> Coñecer as características e autores	<b>GR2T2.1.1</b> Comprende a importancia da literatura grega para

3 8 9 10 11 12		principais da poesía épica grega. Ler os cantos I, VI, XVI e XXII d' <i>A Iliada</i> .	Occidente e coñece as súas etapas e soportes de escritura. <b>GR2T2.1.2</b> Nomea as principais características da épica, así como os seus autores e respectivas obras. <b>GR2T2.1.3</b> Reflexiona sobre a importancia e influencia de Homero en toda a literatura occidental. <b>GR2T2.1.4</b> Repasa e amplía os coñecementos vistos en cursos anteriores sobre o mito da Guerra de Troia observando e comentando imaxes de arte. <b>GR2T2.1.5</b> Le e comenta os catro cantos d' <i>A Iliada</i> obrigatorios para as probas de ABAU.
-------------------------------	--	--	--

**SEGUNDO TRIMESTRE**  
Temas 3: *Sistema nominal e verbal II*

4 5 6 7 8 12	<b>.T3.1</b> Os temas en vogal e ditongo. Vocabulario.	<b>.T3.1</b> Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en vogal e ditongo, así como o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas.	<b>GR2T3.1.1</b> Declina temas en vogal, e fai a análise morfolóxica de substantivos en -ι e -υ con e sen alternancia, destacando os femininos tipo πόλις, πόλεως, e o substantivo ναῦς, νεώς. <b>GR2T3.1.2</b> Declina e recoñece os adxectivos de tres terminacións de tema en -υ. <b>GR2T3.1.3</b> Elabora o cadro xeral da terceira declinación e o cadro xeral do adxectivo. <b>GR2T3.1.4</b> Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns. <b>GR2T3.1.5</b> Traduce distinguindo nas frases e textos as palabras destes temas.
	<b>.T3.2</b> Os verbos contractos: características e vocabulario.	<b>.T3.2</b> Comprender o concepto de verbo contracto e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos.	<b>GR2T3.2.1</b> Distingue nos textos un verbo contracto dun non contracto. <b>GR2T3.2.2</b> Recoñece as diferentes contraccións do tema de presente e os alongamentos dos outros temas verbais. <b>GR2T3.2.3</b> Nomea os verbos contractos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos.
	<b>.T3.3</b> O participio. Uso nominal e verbal.	<b>.T3.3</b> Coñecer o participio nos seus catro temas verbais,	<b>GR2T3.3.1</b> Repasa e distingue o participio con artigo e o participio concertado visto en 1.º de

		distinguir o seu uso nominal e verbal en frases e textos.	Bacharelato. <b>GR2T3.3.2</b> Recoñece o participio de presente, futuro, aoristo e perfecto. <b>GR2T3.3.3</b> Compara e distingue unha oración de participio concertado dunha de participio non concertado ou absoluto. <b>GR2T3.3.4</b> Fai análise sintáctica e tradución de diferentes participios en frases e textos.
	<b>.T3.4</b> As oracións subordinadas I. As substantivas.	<b>.T3.4</b> Comprender o concepto de subordinación e de oración subordinada substantiva. Distinguir as principais oracións substantivas con ou sen nexo en frases e textos.	<b>GR2T3.4.1</b> Repasa os nexos coordinados vistos en 1.º de Bacharelato. <b>GR2T3.4.2</b> Distingue en textos unha oración coordinada dunha subordinada. <b>GR2T3.4.3</b> Traduce frases e textos con oracións substantivas introducidas polas conxuncións ὅτι, ὡς, ὅπως e μή, e distingue esta última do adverbio de negación. <b>GR2T3.4.4</b> Repasa e afianza o coñecemento das oracións substantivas de infinitivo concertado e non concertado. <b>GR2T3.4.5</b> Traduce frases e textos identificando as substantivas de participio tras algúns verbos de percepción e coñecemento. <b>GR2T3.4.6</b> Repasa as oracións interrogativas directas vistas en 1.º de Bacharelato e identifica as indirectas introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos e pola conxunción εἰ.
	<b>.T3.5</b> A reduplicación.	<b>.T3.5</b> Coñecer todos os procedementos de formación da reduplicación no tema de perfecto.	<b>GR2T3.5.1</b> Repasa o visto en 1.º de Bacharelato sobre o tema de perfecto. <b>GR2T3.5.2</b> Recoñece todos os procedementos de formación da reduplicación nos verbos simples e compostos. <b>GR2T3.5.3</b> Fai a análise morfolóxica de formas verbais con reduplicación separando os seus compoñentes. <b>GR2T3.5.4</b> Traduce e recoñece diferentes perfectos en frases e textos.
	<b>.T3.6</b>	<b>.T3.6</b> Recoñecer o	<b>GR2T3.6.1</b> Comprende a diferenza

	O aoristo radical II.	aoristo radical dos verbos φεύγω, βαίνω, πίπτω e con sufixo - (ι)σκω. Os polirrizos ἔρχομαι, ὄράω, φέρω e αἰρέω.	entre un imperfecto e un aoristo radical. <b>GR2T3.6.2</b> Conxuga un aoristo 2º en todos os seus modos e voces. <b>GR2T3.6.3</b> Traduce textos con aoristos radicais.
<b>Tema 4: A literatura grega II</b>			
1 2 3 5 8 9 10 11 12	<b>.T4.1</b> A poesía lírica	<b>.T4.1</b> Coñecer as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega. Ler unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.	<b>GR2T4.1.1</b> Sitúa este xénero na etapa arcaica e repasa os personaxes e acontecementos máis importantes da mesma. <b>GR2T4.1.2</b> Recoñece as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega. <b>GR1T4.1.3</b> Le e comenta unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.
	<b>.T4.2</b> A historiografía.	<b>.T4.2</b> Coñecer as características, autores e obras destacadas da historiografía grega, principalmente de Xenofonte.	<b>GR2T4.2.1</b> Sitúa este xénero na etapa clásica e identifica os personaxes e acontecementos históricos máis importantes da mesma. <b>GR2T4.2.2</b> Coñece as causas, acontecementos principais e desenlace da Guerra do Peloponeso. <b>GR2T4.2.3</b> Identifica e comenta os personaxes e acontecementos históricos nas obras de Xenofonte obxecto de tradución.
<b>TERCEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>Tema 5: <i>Sistema nominal e verbal III</i></b>			
4 5 6 7 8 12	<b>.T5.1</b> Os verbos oclusivos: características e vocabulario.	<b>.T5.1</b> Comprender o concepto de verbo oclusivo e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos.	<b>GR2T5.1.1</b> Repasa o visto o curso pasado sobre as consoantes oclusivas e os temas en oclusiva da 3. <sup>a</sup> declinación. <b>GR2T5.1.2</b> Recoñece os cambios fonéticos que experimentan as consoantes oclusivas labiais, guturais e dentais nos distintos temas verbais. <b>GR2T5.1.3</b> Distingue nos textos un verbo oclusivo dun non oclusivo. <b>GR2T5.1.4</b> Nomea os verbos oclusivos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos.
	<b>.T5.2</b> Os verbos líquidos: características	<b>.T5.2</b> Comprender o concepto de verbo elíquido e coñecer as	<b>GR2T5.2.1</b> Repasa o visto o curso pasado sobre as consoantes soantes e os temas en líquida e nasal da 3. <sup>a</sup>



	vocabulario.	súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos.	declinación. <b>GR2T5.2.2</b> Recoñece os reforzos, contraccións e alongamentos que se dan nos distintos temas verbais. <b>GR2T5.2.3</b> Comprende o concepto de aoristo asigmático e distingue o aoristo dun verbo líquido dun aoristo radical. <b>GR2T5.2.4</b> Distingue nos textos un verbo líquido dun non líquido. <b>GR2T5.2.5</b> Nomea os verbos líquidos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos.
	<b>.T5.3</b> As oracións adverbiais I.	<b>.T5.3</b> Comprender o concepto de oración subordinada adverbial. Distinguir as oracións causais, temporais, finais e consecutivas en frases e textos.	<b>GR2T5.3.1</b> Coñece os principais nexos causais, temporais, finais e consecutivos. <b>GR2T5.3.2</b> Distingue os nexos que só expresan unha circunstancia dos que poden expresar varias, destacando os usos da conxunción ὡς. <b>GR2T5.3.3</b> Traduce frases e textos con oracións subordinadas adverbiais introducidas por estes nexos.
	<b>.T5.4</b> As oracións adverbiais II.	<b>.T5.4</b> Distinguir as oracións comparativas, condicionais e concesivas en frases e textos.	<b>GR2T5.4.1</b> Coñece os principais nexos comparativos, condicionais e concesivos. <b>GR2T5.4.2</b> Comprende os catro tipos que presentan as oracións condicionais, e relaciónaos co latín, galego e inglés. <b>GR2T5.4.3</b> Identifica a partícula ἄν e comprende os seus usos.
	<b>.T5.5</b> Os verbos atemáticos.	<b>.T5.5</b> Comprender o concepto de verbo atemático e coñecer as súas características principais. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos.	<b>GR2T5.5.1</b> Repasa o visto o curso pasado sobre o verbo εἰμί. <b>GR2T5.5.2</b> Comprende o concepto de verbo atemático e distíngueo de un temático. <b>GR2T5.5.3</b> Coñece os tres tipos de verbos atemáticos. <b>GR2T5.5.4</b> Recoñece as características principais destes verbos. <b>GR2T5.5.5</b> Distingue polo lexema entre formas do verbo εἰμί e εἶμι. <b>GR2T5.5.6</b> Recoñece polo lexema diversas formas de δίδωμι, τίθημι, ἵσθημι e ἴημι. <b>GR2T5.5.7</b> Recoñece polo lexema diversas formas de verbos con sufixo

			-νυ, especialmente δείκνυμι e ὄλλυμι. <b>GR2T5.5.8</b> Nomea os verbos atemáticos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos. <b>GR2T5.5.9</b> Elabora o cadro xeral dos verbos temáticos e atemáticos.
Tema 6: A literatura grega III			
1 2 3 5 8 9 10 11 12	<b>.T6.1</b> O teatro.	<b>.T6.1</b> Recoñecer a orixe, características, xéneros e autores principais da poesía dramática grega. Ler a traxedia <i>Edipo Rei</i> e a comedia <i>A asemblea de mulleres</i> .	<b>GR2T6.1.1</b> Coñece a orixe, características, organización, xéneros e autores principais do teatro grego. <b>GR2T6.1.2</b> Comprende a relación do teatro coa democracia ateniense, observando e comentando imaxes de arte. <b>GR2T6.1.3</b> Le e comenta a traxedia de Sófocles <i>Edipo Rei</i> e a comedia de Aristófanes <i>A asemblea de mulleres</i> . <b>GR2T6.1.4</b> Comprende a importancia do teatro grego na literatura occidental.

### 3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Dentro das competencias clave que o alumno e a alumna deberá acadar ao remate do Bacharelato, a materia de Grego favorece principalmente:

1.- A competencia en comunicación lingüística (CCL) xa que achega destrezas comunicativas e capacidade de comprensión crítica. Para a adquisición desta competencia, o alumnado deberá aprender un vocabulario dunhas 200 palabras gregas e dos helenismos correspondentes, co que se favorece a ampliación e comprensión do vocabulario científico, tecnolóxico e culto. Ademais deberá traducir frases do grego ao galego ou castelán e tradución inversa, do galego ou castelán ao grego; para o cal necesita levar a cabo unha reflexión sobre as estruturas morfosintácticas das dúas linguas, unha comparación de feitos lingüísticos entre o grego e a lingua vehicular e a busca de equivalencias para expresar na lingua propia as mensaxes dos textos gregos.

2.- A competencia de aprender a aprender (CAA) xa que achega habilidades no tratamento dos textos, na realización de esquemas e resumos e na valoración da aprendizaxe como ferramenta social. Para acadar esta competencia o alumnado lerá textos dos que deberá dar conta da súa

comprensión; ademais o estudo da materia farase mediante procedementos que sirvan para desenvolver as capacidades de cooperación, creatividade, autoavaliación, manexo de recursos e técnicas de traballo intelectual, capacidades de argumentación, diálogo, superación de novos retos.

3.- A competencia social e cívica (CSC) xa que achega coñecemento das institucións gregas e desenvolvemento dos valores críticos e de análise social. Convén que o alumnado se achegue ao pasado e reflexione sobre el e sobre as súas pegadas para favorecer a competencia de coñecementos e a interacción no mundo coa mirada posta no futuro. A evolución do mundo helénico na antigüidade constitúe un referente para a adaptabilidade a un contorno en constante cambio.

4.- A competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC) xa que achega coñecementos sobre a cultura propia e allea, respecto polas diferenzas e valoración da interculturalidade na nosa sociedade. Nada mellor que o estudo das civilizacións de Grecia e Roma para que o alumnado valore o noso patrimonio cultural e artístico que ten o seu berce nese mundo grecorromano, cuxos logros excederon os límites xeográficos e temporais dentro dos cales foron xestados e aínda persisten en moitos aspectos técnicos, artísticos, literarios e institucionais do mundo actual. Este aspecto favorece a competencia na xestión e o tratamento da información a partir de todo tipo de fontes que se poden obter mediante a consulta a bibliotecas, a visita a xacementos e museos e a través do manexo das TIC. Para a adquisición desta competencia, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Visualización e comentario na aula de IMAXES de arte, principalmente de obras nas que se vexan reflectidas as pegadas da civilización grega.
- Lectura dunha traxedia grega e asistencia a súa representación no Festival de Teatro grecolatino en Lugo ou na Coruña.

5.- A competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) xa que axuda a desenvolver a autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do contorno social.

6.- A competencia dixital (CD) xa que incorpora o dominio das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e a valoración crítica do seu impacto na sociedade.

Conscientes da importancia que nos tempos actuais están a ter os medios informáticos no ensino, vemos necesario incluír **o uso das TIC** nas clases, como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Débese potenciar o uso do ordenador, o canón e a pizarra dixital nas aulas por parte do profesorado e dos alumnos e das alumnas, así como o uso da Aula Virtual tanto na clase como na casa e doutras plataformas que fomenten o traballo colaborativo.

## **PROCEDEMENTOS**

Os procedementos que haberá que empregar para acadar todas estas competencias serán os seguintes:

- 1) Análise e síntese de textos literarios relacionados coa cultura grega.
- 2) Visión e análise de obras plásticas relacionadas co mundo grego.
- 3) Comparación do mundo grego co actual, en especial co galego.
- 4) Comprobación da incidencia dos mitos na formación de palabras e frases, na literatura e na arte.
- 5) Localización e uso de bibliografía recomendada.
- 6) Localización e uso de páxinas web recomendadas.
- 7) Lectura e escritura en grego.
- 8) Análise dos principais fenómenos fonéticos.
- 9) Análise morfosintáctica de palabras, frases e textos gregos.
- 10) Comparación das estruturas morfosintácticas gregas coas do latín e demais linguas coñecidas.
- 11) Tradución directa e inversa de frases e/ou textos dunha dificultade progresiva sen necesidade da axuda de dicionario.
- 12) Tradución directa de textos de dificultade media coa axuda de dicionario.
- 13) Estudo dun vocabulario básico de "máxima frecuencia".
- 14) Realización de exercicios de vocabulario nos que o alumno se familiarice coas regras xerais de transcripción, derivación e composición.
- 15) Dedución de significados a través da relación de palabras da mesma familia léxica.
- 16) Confección de fichas coas familias léxicas máis produtivas e cos helenismos correspondentes.
- 17) Busca de significados no vocabulario xeral e/ou en dicionarios.
- 18) Recompilación de helenismos utilizados en libros de texto de bacharelato ou xornais para un posterior análise e clasificación.
- 19) Lectura individual de obras literarias traducidas.
- 20) Comparación de helenismos nas linguas modernas coñecidas.
- 21) Memorización de poemas ou máximas en versión orixinal ou traducidas.
- 22) Escenificación ou lectura escenificada dunha obra teatral.
- 23) Realización individual ou grupal de traballos de investigación sobre temas relativos ao mundo grego.
- 24) Elaboración de power-points e slides sobre a cultura grega.
- 25) Exposición oral de traballos.
- 26) Localización nun mapa de lugares, personaxes, obras artísticas, acontecementos históricos e feitos culturais.

## **Contidos mínimos**

O alumnado deberá dominar os mesmos contidos mínimos de 1º e ademais:

1. Marco histórico da Grecia antiga:
  - Coñecer os acontecementos e personaxes históricos máis destacados das etapas clásica e helenística, sobre todo o século V a.C.
2. Xéneros literarios gregos:
  - Coñecer as características e autores máis destacados da épica, a lírica e o teatro grego.
3. Lectura dos seguintes textos e autores:
  - Cantos I, VI, XVI e XXII da *Ilíada* de Homero.
  - Selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.
  - *Edipo Rei* de Sófocles.
  - *Asemblea de mulleres* de Aristófanes.
4. As tres declinacións.
5. Os modos subxuntivo, optativo e imperativo de λύω e εἰμί.
6. Principais características dos verbos contractos en -εω, -αω,-οω.
7. Principais características dos verbos consonánticos.
8. As principais conxuncións subordinadas.
9. O infinitivo concertado e non concertado.
10. O participio concertado e absoluto.
11. Tradución con dicionario dun texto sinxelo dunhas tres liñas de Xenofonte.

## **CRITERIOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno debe levarse a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- Observación do traballo diario.
- Probas específicas.
- Realización de tarefas puntuais.

- 1) Traballo diario: Labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:
  - Preguntas frecuentes na aula.
  - Seguimento do caderno do alumno.
  - Control de asistencia e puntualidade.
  - Observación do grao de participación na clase, na aula virtual e no blog da materia.
  - Valoración da actitude.

Deste xeito o profesor observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente.

- 2) Probas específicas: As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade non salvable para o alumno que traballou acotío. Poderán facerse:
  - Probas escritas ou orais.
  - Probas sen previo aviso.
  - Probas fixadas xa de antemán ao principio do trimestre.

As probas constarán de:

- Un texto para analizar sintacticamente e traducir.
- Probas de morfoloxía.
- Probas de Helenismos.

3) Tarefas puntuais: É importante que o alumnado se achegue á literatura clásica directamente, así como que controle os mecanismos para facer traballos de investigación. Isto só é posible fóra das horas lectivas. Valorarase:

- A puntualidade na data de entrega prevista.
- A presentación do traballo.
- A comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
- A elaboración persoal.
- A exposición oral.
- A comprensión lectora.
- O manexo das TIC.

As probas de tradución terán un valor máximo do 50 % da nota da avaliación, reservando un 20 % para a parte de gramática, un 10 % para os Helenismos, un 10% para as probas de Literatura e un 10% para as tarefas puntuais e o traballo diario.

#### **4.PROCESO DE MELLORA CONTINUA: CAMBIOS METODOLÓXICOS EN RELACIÓN AO CURSO QUE REMATA.**

Esta programación será avaliada ao longo do curso nas sucesivas horas de Xefatura do departamento, que terán lugar unha vez á semana, segundo o horario presentado. Na memoria de final de curso serán recollidos e analizados os obxectivos que se puideron cumprir, introducindo as modificacións que algúns deles necesiten para a súa adecuación no curso que vén. Igualmente serán recollidos aqueles obxectivos que non foi posible levar a cabo, analizando as causas e introducindo as rectificacións necesarias nos casos en que sexa posible, ou eliminándoos.

#### **5.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**

**Segundo trimestre**

- Participación no concurso online “Odisea” organizado pola sección galega da Sociedad de Estudios Clásicos.
- Asistencia á representación dunha traxedia grega no Festival de Teatro Grecolatino, organizado pola mesma entidade, en Lugo ou na Coruña.